Carmen María
Ex-Directora 1986-1995

1986-1995
Unha sinxela semblanza

Pódese dicir que un colexio, coma todo ente social, ten "vida" propia, nace, medra e desenrólase, pero tamén pode chegar a desaparecer, cando por algunha razón xa non cumpre axeitadamente as súas funcións.

O colexio público Pío XII, como moi ben puntualizou a súa primeira directora, tivo un nacemento anómalo e moi complicado. Desmembrado e disperso, carente dunha sede física propia, atopábase nunha especie de estado embrionario, envolto nunhas circunstancias adversas que facían realmente difícil un traballo eficiente e impedíanlle dotarse das súas propias señas de identidade. Malia isto, xusto é dicilo, chegóu a alcanzar un recoñecemento máis que notable, grazas ó encomiable esforzo do seu profesorado.

Neste contexto e tras denodados esforzos, prodúcese o que poidéramos considerar o seu verdadeiro nacemento, cando en 1985 tivo lugar a inauguración do actual edificio en Poza de Bar. "Por fin, xuntos", exclamaba recentemente Dª Rosa Quintas, ó respecto, nestas mesmas páxinas. Dende enton, o colexio medrou, desenrolouse e hoxe pode celebrar con orgullo o seu 25 aniversario. Sen dúbida, ista é unha magnífica ocasión para facer un alto no camiño e reflexionar, recoñecendo e celebrando os logros acadados, pero sobre todo definindo e marcando novas metas de futuro, na seguridade de que as novas xeracións de alumnos, as súas familias e a sociedade o agradecerán. Eu quero expresar o meu recoñecemento á actual dirección do centro por entendelo así e agradecerlle especialmente a oportunidade que me brinda de participar nesta grata celebración, insertando no periódico BANZO unha breve e sinxela semblanza en relación co meu paso pola dirección do colexio.

Seguindo o seu ciclo vital, como sinalaba ó comenzo, no recién nacido Pio XII habíase de iniciar unha etapa de crecemento e desenrolo na que se irían perfilando e consolidando as súas señas de identidade coa calidade como referente. E foi entón, no ano 1986, cando asumín a dirección do centro na que permanecín durante 9 intensos anos. Un período cargado de responsabilidade, de grandes esforzos e de moita dedicación, pero tamén cheo de ilusións.

Para non aburrir ós lectores de BANZO, permítome mencionar tan só as tres coordenadas nas que se orientaron preferentemente os esforzos naquel entonces:

En primeiro lugar, e seguindo a liña ascendente do colexio, prestouse a maior atención a conquerir unha mellora constante da formación dos alumnos cos medios dispoñibles en cada momento, a través do rigor na organización docente e da esixencia en contidos, actitudes e valores. Sendo algo silencioso, pouco chamativo e que os seus

froitos só se perciben pasado algún tempo, constituíu sen dúbida a tarefa máis importante, na que os protagonistas foron, cos seus esforzos, todos e cada un dos profesores e a comunidade educativa en xeral.

Paralelamente, intensificáronse as xestións orientadas ó incremento e mellora dos servizos formativos ofertados polo centro. Esta foi a segunda líña de actuación, na que a Educación Física, a Música e a Informática foron os principais obxectivos. ¿Quen non lembra a inauguración do anhelado polideportivo? Tivo lugar ó comenzo da década dos 90, coa colaboración do arquitecto D. Pedro de Llano, o apoio do enton alcalde D. Xerardo Estevez e o tirón exercido polas actividades deportivas extraescolares promovidas por D. Ramón Boullón. A liberación de espazos, producida pola entrada en funcionamento do polideportivo, permitiu dar un impulso a outro dos servizos, a formación musical, coa creación da aula de música, que se dotóu cun magnífico piano, donado pola Asociación de Pais de Alumnos. Daquela a informática non irrumpira aínda nos centros nin tampouco nos fogares, pero todos éramos xa máis ou menos conscientes de que se trataba dunha área importante, tanto coma ferramenta didáctica, coma dende o punto de vista curricular. En consoancia con isto, unha gran parte do profesorado, a maioria -hai que recoñecelo xa grandiños para istas lides, realizamos un curso de informática, deseñado específicamente na Universidade, da man do Prof. D. Juan José Casares, pai de alumnos. O paso seguinte foi a creación e dotación dunha aula de informática.

A terceira líña de actuación centrouse na promoción de actividades complementarias, máis festivas, pero necesarias para completar a formación dos alumnos, para servirlles de estímulo e tamén para contribuir á proxección exterior do centro. A participación en certames e concursos -con éxito en moitos casos -e as excursións didácticas meticulosamente programadas -non exentas de responsabilidades, levaron a palma.

¿Recordan a visita á Expo de Sevilla nun longo tren fletado específicamente para nos? ¿E a visita a Villa Olímpica en Barcelona?

En resumen, foron nove anos de vida do colexio Pio XII, nos que toda a comunidade educativa, alumnos, profesores e pais, participaron, con discrepancias as veces, con acertos e fracasos, pero sempre coa mellor vontade e coa formación dos alumnos como meta común. A todos un recordo agradecido, de modo moi especial a todos os compañeiros profesores e particularmente ós que me acompañaron no equipo directivo, Josefa Lorenzo e Fina Mourelle.

Sigo con moito interese e con cariño a vida e os éxitos do colexio, no que actualmente son alumnos algúns dos meus netos. A miña felicitación a todos con motivo deste 25 aniversario e o sincero desexo de que se inicien os próximos 25 anos con ánimos renovados para que o centro se manteña no progreso e logre alcanzar novas metas. Ata sempre!